

☐ Cambios na facturación desde o 29 de xullo: obligatorio adaptarse aos RR.SS.I.F. e Veri*Factu

A partir do **29 de xullo de 2025**, entran en vigor as novas obrigas establecidas polo **Regulamento dos Sistemas de Facturación (RR.SS.I.F.)**, en desenvolvemento da **Lei 11/2021**, de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal.

Este cambio afecta a **todas as empresas e autónomos** que emiten facturas mediante programas informáticos, que deberán cumplir unha serie de requisitos técnicos e legais co obxectivo de garantir a integridade, conservación e trazabilidade dos rexistros de facturación.

Principais novedades:

- ☐ Obriga de xerar un **rexistro de facturación** para cada factura emitida.
- ☐ Os rexistros deben incluír un **encabezado de integridade** (hash) que impida modificacións posteriores.
- ☐ A opción de **remisión voluntaria e inmediata** á AEAT mediante o sistema **Veri*Factu**.
- ☐ O software debe cumplir cos requisitos establecidos pola normativa, e poderá estar sometido a verificación por parte da Administración.

Que é Veri*Factu?

Veri*Factu é un sistema que permite enviar directamente á Axencia Tributaria os rexistros de facturación en tempo real. Aínda que de momento é opcional, acollerse a este sistema pode facilitar o cumprimento normativo e achegar transparencia.

Estás preparado/a?

É fundamental que revises o teu programa de facturación e verifiques que está adaptado ao novo regulamento. Dende a nosa asesoría, axudámosche a comprobar o cumprimento da normativa e a actualizar o teu sistema para evitar sancións.

- Máis información oficial en Wolters Kluwer – Lei Antifraude e facturación